



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

MARIA GRACIELA RIVEIRO
MOREIRA
Data e hora: 16/02/2024 14:12

<https://sede.dacoruna.gal/validoc?c=ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2>

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/validoc>
Código:
ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2



Polígono Industrial de Bertoa, R/ Bronce, Parc. G2. 15105 –
CARBALLO (A Coruña)

NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01

Tel: 981. 758. 117

- Fax: 981. 700. 024

Providencia de inicio do expediente Aprobación da Liquidación do Orzamento de 2023:

Finalizado o exercicio económico e contable de 2023, e logo de ver

Que se teñen iniciado os estudos dos resultados iniciais dese exercicio sobre a base da execución do Orzamento de 2023 en operacións previas ao peche formal do exercicio.

Que, ao día da data as operacións que corresponden á liquidación do Orzamento de 2023 están realizadas, polo que procede, en congruencia co disposto ao efecto polo texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobar a dita liquidación.

Que tendo en conta que a tenor do disposto polo apartado 3 do artigo 191 do citado texto legal, corresponde á Presidencia a aprobación da Liquidación do Orzamento e, pola súa banda o apartado 20 do artigo 14º dos estatutos deste Consorcio atribúe á Presidencia as funcións que correspondan ós presidentes das entidades locais, polo que no uso de ditas atribucións, esta Presidencia ordenou ao persoal ao efecto, a realización efectiva das operacións de peche a 31 de decembro de 2023, así como a impresión dos documentos que compoñen a referida liquidación.

En consecuencia, unha vez finalizadas as operacións anteriores, deben emitirse, pola Secretaría Intervención, os informes previos, tanto o requirido polo xa citado apartado 3 do artigo 191, como o correspondente que atinxe á estabilidade orzamentaria que, en fase de liquidación corresponda, fin de que, á vista do que dos mesmos se deduza en consonancia cos documentos da liquidación practicada se proceda, por esta Presidencia, á aprobación do expediente.

En congruencia co que precede e no uso das atribucións legal e estatutariamente conferidas, mediante o presente,

DISPOÑO:

1º. Que se inicie o expediente da aprobación da Liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio de 2023, cuxos documentos seguen á presente.

2º. Que pola Secretaría-Intervención desta Entidade, se evacúen os seguintes informes:

1. Informe de Secretaría: comprensivo do procedemento de aprobación da liquidación do orzamento en aplicación do disposto polo art. 3.3.a) do regulamento aprobado polo Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

MARIA GRACIELA RIVEIRO
MOREIRA
Data e hora: 16/02/2024 14:12

<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2>
Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2



Polígono Industrial de Bertoa, R/ Bronce, Parc. G2. 15105 -
CARBALLO (A Coruña)

NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01

Tel: 981. 758. 117

- Fax: 981. 700. 024

2. Informes de Intervención: o comprensivo dos extremos que se deduzan á vista dos documentos que compoñen a Liquidación do Orzamento en atención ó disposto polo art. 191.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, así como o informe respecto ao que atinxe á estabilidade orzamentaria en fase de liquidación.

3º. Que emitidos eses informes, se incorporen ao expediente de orixe que está incoado mediante a presente, xunto co resto da documentación que fora precisa, a fin de que, á súa vista, poida adoptarse a resolución oportuna.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,

Asdo.: Valentín González Formoso.



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

MARIA GRACIELA RIVEIRO
MOREIRA
Data e hora: 16/02/2024 14:12

<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2>
Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2



Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 -
CARBALLO (A Coruña)
NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2023
EXPEDIENTE: 2024/T019/000001

En cumprimento do preceptuado polo art. 3.3.a) do texto aprobado polo R.D. 128/2018, do 16 de marzo, en relación co ordenado pola Presidencia mediante providencia de incoación do referido expediente, esta Secretaría-Intervención, na súa función de asesoramento legal emite o presente informe sobre o procedemento de aprobación da liquidación orzamentaria e elementos conexas.

I. Normativa aplicable:

Deben considerarse especialmente de aplicación as disposicións contidas nas normas seguintes:

1. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, **LRBRL**), especialmente, artigos: 21.1.n), 47 (redacción operada pola Lei 51/2003, do 16 de decembro de Medidas para a modernización do Goberno Local).
2. Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo coas modificacións operadas pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (en diante, **TRLRFL**), especialmente, artigos: 163, 191, 193, 193 bis e cc.
3. Regulamento de desenvolvemento parcial da LRFL, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos (en diante, **RD 500/90**) especialmente, artigos: 89 a 105.
4. Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (**LOEFS**), coas modificacións operadas especialmente pola **L.O. 9/2013**, especialmente artigos: 2.1.c), 3, 11, 12 e 32.
5. Regulamento de desenvolvemento da (derogada) Lei xeral de estabilidade orzamentaria aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro (en diante, **REO**), especialmente artigos: 4 a 9, 15, 16, 18 a 26, 30 e ss.
6. O Regulamento (UE) N° 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
7. A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
8. A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais
9. A Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
10. Os artigos 15 e 18 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012.
11. O artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.
12. Orde HAC/836/2021, do 9 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local.
13. Artigo 4.1.b).4º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
14. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público.
15. Bases de execución do Orzamento para este exercicio.



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

MARIA GRACIELA RIVEIRO
MOREIRA
Data e hora: 16/02/2024 14:12

<https://sede.dacoruna.gal/validoc?c=ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2>
Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/validoc>
Código:
ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2



Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 -
CARBALLO (A Coruña)
NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

II. Procedemento de aprobación e documentación necesaria:

Segundo se desprende do art. 191.3 TRLRFL “a aprobación da liquidación do Orzamento corresponde ao Presidente da Entidade previo informe da Intervención”. De igual xeito queda redactado o art. 90.1 RD 500/90.

Tendo en conta a inexistencia nesta Entidade de OO.AA. ou outros entes a consolidar, a indicada aprobación queda circunscrita á liquidación do Orzamento da Entidade e, toda vez que como cita a propia Presidencia na resolución citada, se teñen xa emitidos os documentos que forman dita Liquidación (art. 93 e ss. RD 500/90) o procedemento quedará substanciado nas fases seguintes e comprenderá a documentación que se cita:

1. Emisión do **informe da Intervención** (art. 191.3 LRFL, 90.1 e 37 RD 500/90 e artigo 4.1.b). 4º R.D. 128/2018), xa solicitado pola propia Presidencia.
2. Emisión do **informe independente da Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade** orzamentaria nos termos establecidos no art. 16 REO (informe emitido polo ente de adscrición).
3. Á vista do anterior así como do resto da documentación que integra o expediente, procederá a **aprobación** da liquidación pola Presidencia, mediante a oportuna resolución.
4. Efectuada a aprobación, deberá **darse conta ao Pleno** do Consorcio na primeira sesión que se celebre (art. 193.4 TRLRFL, art. 90.2 RD 500), para coñecemento dese órgano e, no seu caso para a adopción dos acordos que proceda si do resultado desa liquidación se precisa da adopción de medidas de re -equilibrio (art. 193 TRLRFL).

III. Elementos de obrigado cumprimento despois da aprobación:

Unha vez aprobada a liquidación do orzamento e con independencia de que se teña ou non dado razón ao Pleno, debe **remitirse copia** da liquidación antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, tanto á Comunidade Autónoma como á Administración do Estado (Ministerio de Facenda e Función Pública) (arts.: 193.5 TRLRFL, 91 RD 500/90). A estes efectos a Orde EHA/468/2007, de 22 de febreiro, establece as condicións para a remisión da liquidación ao Estado mediante procedemento de presentación telemática que precisa de sinatura electrónica (Certificado electrónico de usuario Clase 2CA, e conexos, vid. art. Art. 3 da Orde). A obriga desta remisión áchase hoxe tamén contida no art. 15 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, que establece que antes do 31 de marzo do ano seguinte ao exercicio no que vaian referidas as liquidacións debe remitirse a seguinte información:

- a) Os orzamentos liquidados e as contas anuais formuladas polos suxeitos e entidades sometidos ao Plan Xeral de Contabilidade de Empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, cos seus anexos e estados complementarios.
- b) As obrigacións fronte a terceiros, vencidas, líquidas, esixibles non imputadas a orzamento.
- c) A situación ao 31 de decembro do exercicio anterior da débeda viva, incluídos os cadros de amortización.
- d) A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do Orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas.
- e) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda.
- f) Información relativa aos investimentos financeiramente sustentables executadas en aplicación do previsto na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Así pois, o procedemento regulado require duns prazos legais no seu cumprimento, e así mesmo o propio art. 191.3 LRFL e o art. 90 RD 500/90 esixen que a aprobación que se está a tratar, se realice **antes** do día **1 de marzo** do ano seguinte ao do exercicio que se liquida e que as **remisións** indicadas no apartado 4 do art. 193 LRFL se faga tamén, antes de rematado o mes de marzo do “exercicio seguinte ao que corresponda”, requisito que así mesmo esíxese (antes de rematar o



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA

MARIA GRACIELA RIVEIRO
MOREIRA
Data e hora: 16/02/2024 14:12

<https://sede.dacoruna.gal/validoc?c=ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2>
Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/validoc>
Código:
ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2



Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 -
CARBALLO (A Coruña)
NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 - Fax: 981. 700. 024

31 de marzo) no art. 15 da Orde HAP/2105/2012, para a remisión da liquidación ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación "AUTORIZA" e, respecto desta última obriga, lémbrese que caso de se incumprir, elo podería dar lugar ao **inicio dun procedemento de advertencia de risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria** atendido o disposto no art. 18.1.a) REO.

Por último e sen prexuízo do concreto expediente da Liquidación do Orzamento do que a aprobación se substancia nas fases indicadas, lémbrese que de conformidade co previsto na Terceira Parte "Contas Anuais" do "Plan General de Contabilidad Pública adaptado a la Administración Local", anexo da Instrución de Contabilidade aprobada por Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, a Liquidación do Orzamento constitúe un dos documentos que integran a denominada Conta Xeral da entidade local que a ese exercicio corresponda e, da que a aprobación, en todo caso, corresponde ao Pleno daquela previo o cumprimento dos trámites correspondentes que se indicarán no expediente da súa razón.

Non obstante, exposto o anterior, compre facer unha matización. A pesares de que a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA) segue mantendo vixentes os seus artigos 149, 150, 151 e 152 relativos aos "Consortios locais" e a súa consideración como **entidade local** dotada de personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos; tamén e certo que o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña foi clasificado en termos de contabilidade nacional (SEC), en aplicación do RD 1463/2007 de aplicación ás entidades locais da normativa de estabilidade orzamentaria, como unha **unidade institucional pública dependente da Deputación Provincial de A Coruña**, e clasificada dentro do **sector Administracións Públicas**.

O artigo 122 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, dispón no seu apartado 1 que "Os consorcios estarán suxeitos ao réxime de orzamentario, de contabilidade e control da Administración Pública á que estean adscritos, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril". Asemade, engade no apartado 4 que "Os consorcios deberá formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscrición".

Aos efectos anteriores, debería de terse en conta a Orde HAC/836/2021, do 9 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local.

Segundo o exposto, o calculo da estabilidade orzamentaria debería de realizarse a partir dos datos consolidados pola entidade de adscrición, neste caso a Deputación Provincial de A Coruña. Asemade, en canto a ao cumprimento da regra de gasto, no que a propia "Guía para a determinación da Regra de Gasto para Corporacións Locais do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE) establece que "A regra de gasto debe cumprirse para o gasto da Corporación Local unha vez consolidadas e eliminadas as transferencias dadas entre as unidades que integran a Corporación Local e que se inclúen no artigo 2.1 da Lei 2/2012".

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na interpretación da resolución indicada e aplicación do ordenamento xurídico vixente, non obstante, a Presidencia, co seu superior e fundado criterio adoptará, á vista do expediente, a resolución oportuna.

Carballo, na data na sinatura dixital

A Secretaria-Interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira.



Asunto: Informe de Intervención Liquidación do Orzamento de 2023
Expediente: 2024/T019/000001

Unha vez realizadas as operacións técnicas e formais de peche, en cumprimento do preceptuado polo art. 4.1.b).4º do texto aprobado polo R.D. 128/2018, do 16 de marzo e en relación co ordenado pola Presidencia desta Entidade na providencia de incoación do expediente de aprobación da Liquidación do Orzamento de 2023, así como en atención ao disposto polos arts. 191.3. parágrafo segundo, do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (**TRLRFL**), 90.1 do regulamento aprobado polo R.D. 500/1990, do 20 de abril que a desenvolve parcialmente (**RD 500/90**) e Instrucción de Contabilidade aprobada pola Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/1781/2013, de 20 de setembro, (Modelo normal, en adiante, **ICAL**), esta Secretaría-Intervención, na súa función interventora, emite o presente Informe, comprensivo de canto se deduce da Liquidación do Orzamento deste Consorcio correspondente ó exercicio de 2023.
O informe estruturouse da forma seguinte:

Primeiro.- Clasificación do Consorcio dentro das distintas unidades públicas do subsector das Corporacións locais.

Segundo.- Operacións de peche e documentación.

Terceiro.- Elementos que se deducen da Liquidación do Orzamento de 2023:

- A) Respecto ao ORZAMENTO DE GASTOS.
- B) Respecto ao ORZAMENTO DE INGRESOS.
- C) DEREITOS PENDENTES de COBRO en FIN de EXERCICIO.
- D) OBRIGAS PENDENTES de PAGO en FIN de EXERCICIO.
- E) Os REMANENTES de CRÉDITO.
- F) O RESULTADO ORZAMENTARIO.
- G) O REMANENTE DE TESOURERÍA:
 - 1. Fondos líquidos en Tesourería.
 - 2. Dereitos pendentes de cobro a 31.12.23: orixe e estado actual.
 - 3. Obrigas pendentes de pago a 31.12.23: orixe e estado actual.
 - 4. Remanente de Tesourería inicial e para Gastos Xerais.

Cuarto.- Informe en materia de ingresos.

Sobre a base da estrutura anterior:

Primeiro.- Clasificación do Consorcio dentro das distintas unidades públicas do subsector das Corporacións locais e adscripción:

A estes efectos, e non téndose producido variacións nesta Entidade nin na normativa de aplicación, en especial no *Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións locais*, remítome a canto figura neste mesmo apartado no informe emitido pola Secretaría Intervención do Consorcio con ocasión do expediente da Liquidación do Orzamento de 2007. E a eses efectos, lembrar aquí a conclusión final respecto á “cualificación” deste Consorcio tal e como figuraba nese informe: <<... infírese que o Consorcio é

Páxina 1 de 10



unha unidade institucional pública de non mercado adscrita sectorialmente á Excm. Deputación Provincial da Coruña, malia que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que os Consorcios son entidades locais (art. 149.2).>>

Asemade, e logo de distintas solicitudes, a Intervención Xeral da Administración do Estado mediante correo remitido ao departamento de Contabilidade da Excm. Deputación Provincial da Coruña en 14 de xaneiro de 2014 realiza a clasificación en termos de contabilidade nacional (SEC) e conclúe que este Consorcio “é unha unidade institucional pública dependente da mencionada Deputación Provincial, e se clasifica dentro do sector Administracións Públicas”, e así figura no “*Inventario de entes del sector público local*” da IGAE desde o 01.01.2014.

Dáse por reproducido así mesmo, o recollido no informe de procedemento emitido nesta mesma data por esta Secretaría Intervención en relación con esta cuestión.

Segundo.- Operacións de peche e documentación:

Unha vez realizadas as operacións contables de regularización e liquidación correspondentes ao exercicio de 2023, de conformidade co disposto polo art. 4.1.b) 4º do citado R.D. 128/2018, do 16 de marzo e, toda vez que constan os documentos contables correspondentes, en congruencia co previsto polo art. 191.2 TRLRFL e art. 93 RD 500/90, o **contido** da Liquidación do orzamento, virá determinado por:

- 1º. Respecto do *orzamento de gastos* e para cada aplicación orzamentaria, polos créditos iniciais, as súas modificacións e polos créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos realizados e os pagos ordenados.
- 2º. Respecto do *orzamento de ingresos* e para cada concepto, polas previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, así como polos recadados netos.

Ademais, o propio art. 93 RD 500/90, indica tamén que como consecuencia da liquidación do orzamento, deberán **determinarse**:

- 3º. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro do ano que se está a liquidar.
- 4º. O Resultado Orzamentario do exercicio (regulado na Terceira Parte “Contas Anuais” do “Plan General de Contabilidad Pública adaptado a la Administración Local” anexo á ICAL, dentro das normas de elaboración do Estado de Liquidación do Orzamento).
- 5º. Os Remanentes de Crédito.
- 6º. O Remanente de Tesourería (regulado na Terceira Parte “Contas Anuais” do “Plan General de Contabilidad Pública adaptado a la Administración Local” anexo á ICAL, concretamente no apartado 24.6 da Memoria).

Terceiro.- Elementos que se deducen da Liquidación do Orzamento de 2023:

Tendo en conta as determinacións precedentes, observase, á vista da Liquidación practicada ao Orzamento de 2023 que, na súa realización, se seguen as prescricións sinaladas polo art. 191 TRLRFL e arts. 89 ao 105 RD 500/90, así como nas normas de elaboración das contas anuais recollidas na Terceira Parte “Contas Anuais” do “Plan General de Contabilidad Pública adaptado a la Administración Local” anexo á ICAL, por canto aparecen reflectidos os documentos sinalados no apartado segundo anterior e dos que, de seguido, pásase a realizar un sucinto análise:

A) Respecto ao ORZAMENTO DE GASTOS:



Aparecen contemplados, para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais e os definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas realizadas e os pagos ordenados e realizados.

Presentase ademais, agrupando os créditos en función dos niveis de vinculación xurídica, é dicir, resumida por bolsas de vinculación xurídica dos créditos.

B) Respecto ao ORZAMENTO DE INGRESOS:

Aparecen contemplados e para cada concepto, as previsións iniciais e as súas modificacións, as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e, no seu caso, anulados, cancelados e finalmente, os dereitos recoñecidos e recadados netos. Ademais, conforme establece a ICAL contempla unha columna denominada “exceso/defecto previsión” que recolle a diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as previsións de ingreso definitivas.

C) DEREITOS PENDENTES de COBRO en FIN de EJERCICIO:

Atende á suma das cantidades que a Entidade ten recoñecidas como pendentes de ingreso derivadas de obrigas de terceiros contraídas coa mesma. Da documentación que integra a Liquidación do Orzamento, aparecen determinados:

1. Os dereitos orzamentarios pendentes de cobro correspondentes ao exercicio de 2023 obxecto de liquidación (apartado 24.6.3 da Memoria regulada na Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL) que é de cifra **423.261,10 €**. Todos eles derivan da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento.
2. Dereitos orzamentarios pendentes de cobro correspondentes a exercicios pechados (anteriores ao que se liquida e, no caso do Consorcio: 2016 ao 2022) por **95.044,63 €**, que derivan 476,00 € do exercicio 2016, 8.811,58 € do exercicio 2017, 22.422,01 € do exercicio 2018, 1.926,69 € do exercicio 2019, 1.140,00 € do exercicio 2020, 29.442,70 € do exercicio 2021 e 30.825,65 € do exercicio 2022, que corresponden a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento. (apartado 24.6.3 da Memoria regulada na Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL).
3. Dereitos non orzamentarios pendentes de cobro en fin de exercicio, por **70.987,88 €**, que derivan na súa maioría do pago delegado da Seguridade Social.
4. Os dereitos pendentes de cobro totais son **589.392,61 €**.

D) OBRIGAS PENDENTES de PAGO en FIN de EJERCICIO:

Atende á suma das cantidades que a Entidade ten recoñecido como obrigas de acredores (terceiros) contra a mesma e calculadas en función de canto establece o apartado 24.6.4 da “Memoria” regulada na Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL, e, coma no caso anterior, da liquidación practicada despréndese:

1. As obrigas orzamentarias pendentes de pago correspondentes ao exercicio de 2023 obxecto de liquidación, ascenden á contía de **72.330,80 €**. Deste importe 48.955,33 € corresponden a gasto corrente do capítulo 2, 3.500,00 € á cota de Conbé e 19.875,47 a gastos de inversión do capítulo 6.
2. As obrigas orzamentarias correspondentes a exercicios pechados (2020) que ascenden a **104,50 €** que corresponden a indemnización por asistencia aos órganos colexiados ao non dispoñer dos datos bancarios para realizar o pagamento..
3. Obrigas pendentes de pago non orzamentarias, que ascenden a **155.160,72 €**, dos que logo veremos a súa orixe.
4. Como consecuencia da suma dos anteriores, obtense das obrigas totais pendentes de pago en fin de exercicio un importe de **227.596,02 €**.

E) PARTIDAS PENDENTES de APLICACIÓN:

Distingúense as cantidades cobradas pendentes de aplicación definitiva, excepto aqueles relativos a recursos de outros entes públicos; e por outro lado as cantidades pagadas



pendentes de aplicación definitiva, nas que se inclúen ademais os pagos realizados con cargo aos anticipos de caixa fixa pendentes de reposición. Da liquidación practicada despréndese:

1. Os cobros realizados pendentes de aplicación definitiva ascenden a **0,00 €**.
2. Os pagos realizados pendentes de aplicación definitiva son **3.435,21 €**, dos que 2.266,33 € derivan dun RLC de setembro, pendente de imputar, e o resto derivadas do uso do Via-T, que non foron aprobadas durante o exercicio 2023, por non se presentar a documentación xustificativa aínda.

F) OS REMANENTES DE CRÉDITO:

Constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigas recoñecidas e integrados polos compoñentes que sinala o art. 98.2 RD 500/90, debendo terse en conta que a contabilidade das Entidades locais deberá permitir o seguimento dos remanentes que se produzan a fin do exercicio como consecuencia da liquidación e peche do Orzamento de Gastos aos efectos de controlar a súa posible incorporación ós créditos orzamentarios do seguinte exercicio de acordo coa vixente normativa.

Dos datos obtidos na liquidación despendese o seguinte:

1. Os remanentes comprometidos ascenden a **47.975,62 €**
2. Os remanentes non comprometidos son **11.577.849,46 €** (624.312,48 € en situación de retidos e 10.953.536,98 € en situación de dispoñibles).

F) O RESULTADO ORZAMENTARIO:

Sobre a base da definición recollida na Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL, dentro das normas de elaboración do Estado de Liquidación do Orzamento (apartado 10º), estamos ante unha magnitude que determina a diferenza entre os dereitos orzamentarios netos liquidados durante o exercicio e as obrigas netas recoñecidas durante o mesmo período e deberá, no seu caso, axustarse en función das obrigas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais e das desviacións de financiamento do exercicio derivadas de gastos con financiamento afectado.

Á vista do Resultado reflectido na Liquidación, e ao abeiro do establecido no apartado 10º (Estado de liquidación do Orzamento) das normas de elaboración das contas anuais, para o cálculo e compoñentes, obtemos:

1. Dereitos recoñecidos netos (totais)	<u>10.913.959,64</u> , derivados de:
a. Operacións non financeiras (Caps. I ao VII)	10.913.959,64
i. De Natureza corrente (Caps. I ao V)	10.913.959,64
ii. Resto de non financeiras (Caps. VI e VII)	0,00
b. Activos financeiros (Cap.. VIII)	0,00
c. Pasivos financeiros (Cap.. IX)	0,00
2. Obrigas recoñecidas netas (totais)	<u>11.085.748,86</u> , derivados de:
a. Operacións non financeiras (Caps. I ao VII)	11.085.748,86
i. De Natureza corrente (Caps. I ao V)	11.017.824,32
ii. Resto de non financeiras (Caps. VI e VII)	67.924,54



b. Activos financeiros (Cap.. VIII)	0,00
c. Pasivos financeiros (Cap.. IX)	0,00

Do que obtemos, un **resultado orzamentario inicial** de **-171.789,22 €** que, como se indicou, deberá ser obxecto de axustes, para a obtención do resultado Orzamentario Axustado en función do establecido no mencionado apartado 10º das normas de elaboración das contas anuais dentro da Terceira Parte da ICAL:

Obrigas financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais (suman)	2.991,79 €
Desviacións de financiamento negativas ("sumarán" en canto a "gasto anticipado")	2.027.980,40 €
Desviacións positivas de financiamento ("restarán" en canto a "ingreso anticipado")	506.995,10 €
TOTAL AXUSTES	1.523.977,09 €

En consecuencia, o Resultado Orzamentario Axustado, virá determinado por:

- O Resultado Orzamentario inicial
- As Desviacións Positivas de Financiamento que, como ingreso anticipado a un gasto aínda non realizado, se detraen do Resultado Orzamentario inicial.
- As Desviacións Negativas de Financiamento que como gasto realizado a un ingreso afectado aínda non recadado, se suman ao Resultado Orzamentario inicial (inclúense, neste caso, as realizadas e que foron positivas en exercicios precedentes nos que non se realizou o gasto).
- Os gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería, e que por proceder ese financiamento de ingresos recoñecidos en exercicios precedentes, se suman, tamén, ao Resultado orzamentario inicial.
- As desviacións de financiamento negativas, que derivan dun proxecto de gasto relativo ao financiamento do gasto corrente derivado da achega que o Consorcio realiza ao Concello de Ferrol en relación co convenio de cooperación en materia de emerxencias, e que a súa vez se atopa financiado cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña. Ao longo deste exercicio non recoñecéronse obrigas correspondentes a anualidades de exercicios anteriores das que xa se tiña recibido o ingreso na anualidade de referencia.
- As desviacións de financiamento positivas, dado que existe o ingreso anticipado en 2023 para a realización dun gasto non realizado nese exercicio (DPF), derivan dun proxecto de gasto relativo ao financiamento do gasto corrente derivado da achega que o Consorcio realiza ao Concello de Ferrol en relación co convenio de cooperación en materia de emerxencias, e que a súa vez se atopa financiado cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña. Non obstante, ao longo deste exercicio non se recoñeceu ningunha obriga, aínda que si se recoñeceu o dereito.

Tendo en conta o anterior, o Resultado Orzamentario Axustado será:

$$\begin{array}{rclclclclclclcl} \text{[RESULTADO ORZAMENTARIO INICIAL]} & - & (\text{DPF}) & + & (\text{DNF}) & + & (\text{G/RLT}) & = & \text{RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO} \\ -171.789,22 \text{ €} & - & 506.995,10 \text{ €} & + & 2.027.980,40 \text{ €} & + & 2.991,79 \text{ €} & = & 1.352.187,87 \text{ €} \end{array}$$

cantidad que refleja o propio documento da Liquidación orzamentaria de 2023 e que, pon de manifesto, que neste exercicio concreto recadáronse, para o propio exercicio, mais dereitos que obrigas foron recoñecidas (ambos en neto).



Polo cal, podemos ver a comparativa de ambos exercicios:

CONCEPTOS	IMPORTES					
	2023			2022		
(A) Dereitos recoñecidos netos	10.913.959,64			10.718.481,41		
(B) Obrigas recoñecidas netas		11.085.748,86			8.617.793,02	
(C) Resultado Orzamentario (A-B)			-			2.100.688,39
(D) Desviacións Positivas de financiamento			506.995,10			506.995,10
(E) Desviacións Negativas de financiamento			2.027.980,40			0,00
(F) Gastos financiados con remanente líquido de Tesourería			2.991,79			6.600,09
Resultado Orzamentario Axustado (C – D + E + F)			1.523.977,09			1.600.293,38

G) O REMANENTE DE TESOURERÍA:

O art. 191.2 LRFL e o art. 101.1º RD 500/90, definen o Remanente de Tesourería a través dos elementos que o compoñen e, sobre esa base, podemos dicir que é unha magnitude financeira que representa o excedente de liquidez a curto prazo da Entidade, cuantificando o excedente de financiamento nunha data determinada, que é precisamente, o 31 de decembro do ano que corresponda (o que se liquida), e incluíndo no seu cálculo para o facer, tanto dereitos como obrigas pendentes de cobro e pago, orzamentarios como non orzamentarios así como os fondos líquidos de Tesourería, procedentes tamén, tanto de operacións orzamentarias como non orzamentarias, facendo, logo, as minoracións correspondentes respecto dos que se teñan considerado como dereitos pendentes de cobro ou difícil recadación, en función da súa cobrabilidade.

Débase lembrar que na Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL, concretamente no apartado 24.6 da Memoria, establece o cálculo de cada un dos elementos que compoñen este remanente, e deste xeito, obtemos as magnitudes que a continuación se indica, e tamén mediante a realización dunha comparativa deste remanente (e do remanente de tesourería para gastos xerais) do exercicio obxecto de liquidación (2023) e dos mesmos compoñentes dos dous exercicios anteriores co fin de ver a súa evolución e xustificación de determinados elementos tal e como se indicará. Así:



REMANENTE DE TESOURERÍA: COMPARATIVA EXERCICIOS 2023-2022-2021-2020

COMPOÑENTES	2023		2022		2021		2020	
1. Fondos líquidos		<u>10.900.089,78</u>		<u>11.736.518,95</u>		<u>9.493.653,26</u>		<u>5.447.440,58</u>
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		<u>589.293,61</u>		<u>313.435,74</u>		<u>399.823,90</u>		<u>2.438.128,92</u>
(+) do Orzamento corrente.....	423.261,10		172.070,51		237.398,60		2.233.098,13	
(+) de Orzamentos pechados	95.044,63		96.521,52		125.987,08		175.505,06	
(+) de operacións non orzamentarias	70.987,88		44.843,71		36.438,22		29.525,73	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		<u>227.596,02</u>		<u>610.995,99</u>		<u>543.006,67</u>		<u>209.573,22</u>
(+) do Orzamento corrente	72.330,80		421.527,45		411.152,02		46.920,40	
(+) de Orzamentos pechados	104,50		909,98		210,85			
(+) de operacións non orzamentarias	155.160,72		188.558,56		131.643,80		162.652,82	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación.....		<u>3.435,91</u>		<u>3.400,00</u>		<u>-18.952,65</u>		<u>-33.084,65</u>
(-) cobros realizados pendentes de aplicación ...	0,00		0,00		22.235,85		37.192,59	
(+) pagos realizados pendentes de aplicación	3.435,91		3.400,00		3.283,20		4.107,94	
I. Remanente de Tesourería Total (1 + 2 – 3)		<u>11.265.223,28</u>		<u>11.442.358,70</u>		<u>9.331.517,84</u>		<u>7.642.911,63</u>
II. Saldos de dubidoso cobro		<u>43.186,20</u>		<u>47.498,95</u>		<u>72.467,09</u>		<u>65.417,49</u>
II. Exceso de financiamento afectado		<u>506.995,10</u>		<u>1.520.985,30</u>		<u>1.013.990,20</u>		<u>506.995,10</u>
III. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I – II – III)		<u>10.715.041,98</u>		<u>9.873.874,45</u>		<u>8.245.060,55</u>		<u>7.070.499,04</u>



Orixo e estado actual dos compoñentes do ano 2023 do remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos por importe total de **10.900.089,78 €** dos que:

- En **caixa operativa (Corporación)** a cantidade de 260,25€
- En **contas bancarias** a cantidade de 10.899.829,53€

2. Dereitos orzamentarios pendentes de cobro do Orzamento corrente: 589.293,61 €, procedentes de:

- **Orzamentarios (corrente)**, por importe de **423.261,10 €** con orixe en:
 - Do Cap. III (Ordenanza Fiscal nº 1) 423.261,10 € .
- **Orzamentarios (pechados)**, por importe de **95.044,63 €** con orixe en:
 - Do Cap. III (Ordenanza Fiscal nº 1) 95.044,63 €. (476,00 € do exercicio 2016, 8.811,58 € do exercicio 2017, 22.422,01 € do exercicio 2018, 1.926,69 € do exercicio 2019, 1.140,00 € do exercicio 2020, 29.442,70 € do exercicio 2021 e 30.825,65 € do exercicio 2022 .)
- **Non orzamentarios** por importe de **70.987,88 €** que proceden, de ingresos duplicados ou excesivos por importe de 1.832,16 €, 69.130,73 que corresponden ao pago delegado da Seguridade Social e 24,99 € correspondentes a outros debedores non orzamentarios derivados de gastos de telepeaxe que foron aboados polo Consorcio e que corresponderían ás empresas concesionarias.

3. Obrigas pendentes de pago por un total de **227.596,02 €** procedentes de:

- **Orzamentarias (corrente)**, por importe de **72.330,80 €** con orixe en:
 - Fras. Cap. II , suma total 48.955,33 €
 - Cota asociación Cap. III..... 3.500,00 €
 - Fras Cap. VI, suma total..... 19.875,47 €
- **Orzamentarias (pechados)**, por importe de **104,50 €**
 - Indemnización asistencia a órganos colexiados Cap. II , suma total 104,50 €
- **Non orzamentarias** por importe de **155.160,72 €** con orixe en:
 - IRPF retido ao persoal do Consorcio, por importe de 107.836,16 €.
 - IPPF retido por honorarios de profesionais, por importe de 120,00 €.
 - IRPF retido aos membros dos órganos de goberno, por importe de 773,74 €
 - Seguridade Social retida ao persoal do Consorcio, por 43.710,34 €
 - Garantías definitivas expedientes, A. 02/13, A.03/13, A. 04/13, (contratos núm. 02–2013, 03–2013, 04–2013, 05–2013, 06–2013), prestadas en metálico por un total: 1.771,48€.
 - Retencións por embargos 900,27 €
 - Outras retencións 48,73 €



4. **Partidas pendentes de aplicación** por un total de **0,00 € (ingresos)**, e de **3.435,91,00 € (gastos)** dos que 2.266,33 € derivan dun RLC de setembro, pendente de imputar, e o resto derivadas do uso do Via-T, que non foron aprobadas durante o exercicio 2023, por non se presentar a documentación xustificativa aínda.

Observación: na realización das operacións de peche detectase que os conceptos non orzamentario 20100 e 20111 reflicten un saldo superior ao que debería existir segundo os pagamentos realizados á Axencia Tributaria e a Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondentes os mes de decembro cuxo período de recadación é en xaneiro do presente exercicio.

O Remanente de Tesourería e o remanente de tesourería para gastos xerais:

Coma xa quedou sinalado, a Terceira Parte “Contas Anuais” do plan de Contas anexo á ICAL, concretamente no apartado 24.6 da Memoria establece os compoñentes do remanente de tesourería indicando que está composto polos dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pago, os fondos líquidos, e as partidas pendentes de aplicación, todos eles, referidos ao 31 de decembro do exercicio que se liquida e cuantificados de acordo co establecido no mencionado apartado. Obteremos así o remanente de tesourería (total) como suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobro, detraendo disto as obrigas pendentes de pago tal e como vimos no cadro da comparativa, e agregando as partidas pendentes de aplicación.

Obtido desta forma o remanente de tesourería (total) débense facer os axustes precisos, para, á súa vez, obter o remanente de tesourería dispoñible para o financiamento de gastos xerais, que como tamén vimos calcúlase minorando do anterior remanente o importe dos dereitos pendentes de cobro que se consideren de imposible ou difícil recadación así como o exceso de financiamento afectado. Estes dous elementos responden ao seguinte:

- En canto aos dereitos pendentes de cobro de imposible ou difícil recadación: dentro dos **mínimos** que a estes efectos fixa o novo art. **193bis** TRLRFL (introducido polo artigo segundo da Lei 27/2013) deben considerarse como tales aqueles cuxa realización efectiva se estima dubidosa pero, respecto dos que non se tiña adoptado o correspondente acordo de anulación (ou porque non corresponde facelo), polo que a consideración desa “imposibilidade”, non suporá nin a súa baixa en contas nin a súa anulación como tales dereitos (que, de feito, poden recadarse), simplemente é unha cuantificación prudente aos efectos de que o posible recurso que significa o remanente de tesourería para o financiamento de gastos xerais responda a elementos reais e posibles. Aos efectos anteriores, a base 46ª das de execución do Orzamento de 2023, recolle os mínimos requiridos polo art. 193bis TRLRFL, que aplicado aos dereitos pendentes de cobro de cerrados, resulta a contía arriba reflectida. Proceden de dereitos pendentes de cobro do exercicio 2016, dos que respecto dos existentes a 01.01.2023 (1.241,69 €) quedando pendentes de cobro a 31.12.2022 476,00 €. Do exercicio 2017, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2023, ascendían a 10.080,78 € e quedan pendentes de cobro a 8.811,58 €. Do exercicio 2018, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2023 ascendían a 33.305,94 e quedan pendentes de cobro 22.422,01. Do exercicio 2019, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2023, ascendían a 2.975,74 € e quedan pendentes de cobro a 31.12.2022, 1.926,69 €. Do exercicio 2020, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2023, ascendían a 1.140,00 € e quedan pendentes de cobro a 31.12.2023 1.140,00 €. Do exercicio 2021, os dereitos pendentes de cobro a 01.01.2023, ascendían a 47.777,37 € e quedan pendentes de cobro a 31.12.2023 29.442,70 €. O resto proceden dos recoñecidos no exercicio 2022 (172.070,51 € a 01.01.2023), que a 31.12.2022 ascenden a 30.825,65 €.
- En canto ao exceso de financiamento afectado prodúcense desviacións de financiamento positivas, dado que existe o ingreso anticipado en 2023 para a realización dun gasto non realizado neste exercicio (DPF). Esta DPF deriva dun proxecto de gasto relativo ao financiamento do gasto corrente derivado da achega que o Consorcio realiza ao Concello de Ferrol en relación co convenio de cooperación en materia de emerxencias, e que a súa vez se atopa financiado cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña. Non obstante, ao longo deste exercicio non se recoñeceu ningunha obriga, aínda que si se recoñeceu o dereito.
- As desviacións de financiamento negativas, que derivan dun proxecto de gasto relativo ao financiamento do gasto corrente derivado da achega que o Consorcio realiza ao Concello de Ferrol en relación co convenio de cooperación en materia de emerxencias, e que a súa vez se atopa financiado cunha subvención da Deputación Provincial da Coruña. Ao longo deste exercicio non recoñecéronse obrigas correspondentes a anualidades de exercicios anteriores das que xa se tiña recibido o ingreso na anualidade de referencia.

Así, ao existir as indicadas desviacións minórase a contía correspondente do remanente de tesourería total, tal e como resulta do repetido cadro de comparativa sendo, en realidade a



CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

MARIA GRACIELA RIVEIRO
MOREIRA
Data e hora: 16/02/2024 14:12

<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2>
Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
ca13c7c1795e58e8fb3521248e81b2230118a9b2



Pol. Ind. Bertoa, Parc. G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña)
NIF: V15859481 – RELGA: CO 2002/01
Tel: 981. 758. 117 – Fax: 981. 700. 024

súa contía a que se reflicte a continuación se aplicamos os pagos pendentes de aplicar:

[RTE. Tª TOTAL]	–	[DºS IMP./DIF. RECADACIÓN]	–	[EXCESO FNCMTO. AFECTADO]	=	RTE.. TESOURERÍA P/GASTOS XERAIS
11.265.223,28 €	–	43.186,20 €	–	506.995,10	=	10.715.041,98 €

Este é o informe que emito salvo erro ou omisión involuntarios na aplicación ou interpretación dos antecedentes, documentación que compón a Liquidación do Orzamento e ordenamento xurídico vixente, para a súa unión ao dito expediente da citada liquidación, nembargante a Presidencia, co seu superior criterio, á vista do completo expediente, adoptará a resolución que estime oportuna.

Carballo, na data que figura á marxe.-
A secretaria- interventora,

Asdo.- Mª Graciela Riveiro Moreira.